

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DOUS POSTOS DE TRABALLO, A XORNADA COMPLETA, CON CARÁCTER DE LABORAL TEMPORAL, Ó ABEIRO DA ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2017 PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).

Primeira.- Obxecto.

É obxecto desta convocatoria a provisión mediante concurso-oposición de dous postos de traballo en base á *Orde do 31 de decembro de 2017 para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)*.

As prazas convocadas ofertaranse nas seguintes condicións:

Nº traballadores:	2
Modalidade contractual:	Obra/Servizo (interese social)
Duración do contrato:	9 meses
Xornada:	Completa (37,5 horas/semana)
Custos salariais brutos:	1.034,00 €/mes
Custos Seg. Social:	390,85 €/mes

A correspondente oferta de emprego realizarase na oficina de emprego de Cambados.

Segunda.- Requisitos.

As persoas aspirantes, para tomaren parte no concurso-oposición, deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ter nacionalidade española ou dalgún país membro da UE.
2. Ter cumpridos os 16 anos de idade.
3. Posuír o título de certificado de escolaridade, equivalente ou superior.
4. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible coa realización das correspondentes funcións.
5. Non atoparse incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade para contratar co Concello.
6. Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
7. Ser demandante de emprego.

Terceira.- Solicitudes.

Unha vez recibidos os curriculum vitae dos posibles candidatos/as remitidos pola oficina de emprego de Cambados para tomar parte nas probas selectivas, estes serán convocados para a acreditación dos criterios de valoración desta convocatoria.

Cuarta.- Admisión de aspirantes, fixación do comezo dos exercicios e da composición do Tribunal.

A oficina de emprego será a encargada de remitir ós/ás posibles candidatos/as que reúnan as condicións da convocatoria.

A selección realizarase mediante a valoración dos curriculums vitae que presenten os aspirantes, a valoración dos criterios da convocatoria, e dunha proba práctica para cada oferta de traballo presentada a proposta do tribunal.

Quinta.- Tribunal cualificador.

O Tribunal que xulgará as probas de que conste o concurso estará constituído polos seguintes membros, todos eles con voz e voto:

Presidente/a: D. José Carlos Iglesias Ferreira, operario municipal.

Secretario/a: D. Daniel Alejandro Rubio Pérez, arquitecto municipal.

Vogal: D. Rodrigo Vázquez Parada, operario municipal.

Suplente: D. Ramón Fariña Barral, aux. administrativo municipal .

Os membros do Tribunal deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

O Tribunal non se poderá constituír sen a asistencia, polo menos do/a presidente/a, do/a secretario/a e dun/ha vogal, ou persoas nas que deleguen.

Abstención ou recusación.- Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo e de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da *Lei* 30/1992, e comunicaranllo á autoridade convocante por medio dun escrito en tal sentido. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar a calquera membro do Tribunal, de acordo co disposto na mesma lei (Artigo 29).

Sexta.- Probas selectivas.

Os/as candidatos/as serán citados a través da oficina de emprego para acreditar os criterios de valoración que aparecen reflexados na orde, dando preferencia a:

- a) Mulleres, en especial as que acrediten ser vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial demandantes do 1º emprego ou sen cualificación.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.
- h) Persoas con cargas familiares.

Valoración dos criterios da convocatoria:

1.- Mulleres en xeral:	0,25 puntos
2.- Mulleres vítimas de violencia de xénero:	0,50 puntos
3.- Menores de 30 anos, en especial sen cualificación:	0,25 puntos
4.- Persoas paradas de longa duración:	0,25 puntos
5.- Persoas con discapacidade:	0,25 puntos
6.- Persoas que esgotasen prestacións e subsidios:	0,25 puntos
7.- Persoas maiores de 45 anos:	0,25 puntos
8.- Integrantes de colectivos desfavorecidos:	0,25 puntos
9.- Cargas familiares:	0,25 puntos/fillo
	0,25 puntos/persoa dependente
	0,25 puntos/menor en acollemento

Proba práctica.- O tribunal realizará unha proba práctica acorde a cada oferta de traballo presentada na que poderá outorgar ata un máximo de **3 puntos**.

Sétima.- Cualificación.

A puntuación final será a obtida na valoración dos criterios da convocatoria máis a acadada na proba práctica.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas.

Oitava.- Relación de aprobados e nomeamento.

Rematadas as probas selectivas o tribunal fará pública a relación de aspirantes por orde de puntuación, e propondrá, para o seu nomeamento soamente a aqueles/as aspirantes que obtiveran a maior puntuación total, elevando a proposta ó Presidente desta Corporación.

O tribunal non poderá propoñer a máis persoas aspirantes que prazas convocadas. Calquera proposta que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Novena.- Resolución de dúbidas. Réxime xurídico.

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso. En todo o non previsto nestas bases o proceso selectivo regularase polas seguintes normas: a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local; a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a Reforma da Función Pública, modificada pola Lei 23/1988 do 28 de xullo; a Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia; o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño sobre procedemento de selección na Administración

Local; o RD 364/1995 polo que se aproba o regulamento xeral do ingreso de persoal ó servizo da Administración do Estado.

Décima.- Impugnación da convocatoria e dos seus actos.

Poderase recorrer contra esta convocatoria e contra as súas bases mediante a interposición do oportuno recurso. Os actos administrativos derivados da convocatoria e da actuación dos tribunais poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na *Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*.

Documento asinado electrónicamente á marxe.

ANEXO I

DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADES FAMILIARES E DE INGRESOS PERCIBIDOS

NOME E APELIDOS:

DNI:.....

ENDEREZO:.....

TELÉFONO:.....

DECLARO:

1º Ser vítima de violencia de xénero Si Non

2º Ser parado/a de longa duración Si Non

3º Ter discapacidade recoñecida Si Non

4º Ser integrante de colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión Si Non

5º Ter ó meu cargo as seguintes persoas:

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	INGRESOS

4º Que á data da entrevista e de acordo co especificado nas Bases, percibo os seguintes ingresos mensuais: _____ Euros.

Cada candidato/a deberá presentar documentación acreditativa que confirme esta declaración.

Meis, a de de 2018

Asdo.....